

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ORDE do 16 de novembro de 2015 pola que se incrementa a dotación orzamentaria da Orde do 10 de marzo de 2015, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control.*

A Orde da Consellería do Medio Rural e do Mar do 10 de marzo de 2015 (DOG núm. 48, do 11 de marzo) regula o procedemento para a solicitude, tramitación e concesión, para o ano 2015, das axudas previstas dentro do réxime do pagamento único e doutros réximes de axuda directa á agricultura e gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control.

Na súa disposición adicional primeira, parágrafo 1, precísanse as aplicacións orzamentarias e o importe económico previsto para o financiamento das ditas axudas. Na disposición adicional segunda sinálase que as dotacións iniciais se poderán incrementar, se for procedente, tramitando o expediente de modificación de crédito oportuno.

Coa finalidade de poder amparar todas as solicitudes das axudas especificadas no título II da orde, relativas aos pagamentos directos á agricultura e á gandería no marco da aplicación da política agrícola común en Galicia, financiadas polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e xestionadas polo Fondo Galego de Garantía Agraria, posto que a dotación existente resulta insuficiente, a Consellería de Facenda autorizou o correspondente expediente de ampliación de crédito por importe de 93.540.892,92 € e o movemento entre proxectos por importe de 300.000 €, polo que cómpre, mediante esta orde, incrementar a dotación orzamentaria consignada para a concesión das mencionadas axudas.

En consecuencia, e de conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

DISPOÑO:

#### Artigo 1. *Incremento de crédito*

1. A dotación orzamentaria prevista para as axudas especificadas no título II da Orde do 10 de marzo de 2015 (DOG núm. 48, do 11 de marzo), conforme a disposición adicional primeira, parágrafo 1, alínea b) da dita orde, incrementase no importe de 93.840.892,92 euros



con cargo á aplicación 12.80.713F.779.1, primas gandeiras, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2015, polo que o importe total para as axudas desta alínea e desta aplicación orzamentaria despois deste incremento é de 144.597.760,92 euros.

2. En todo caso, a concesión das axudas reguladas na dita orde estará limitada ás dispoñibilidades orzamentarias.

#### Artigo 2. *Ausencia de efectos sobre o prazo de solicitudes*

O incremento de crédito previsto no artigo único desta orde non afecta o prazo de presentación de solicitudes establecido na dita Orde do 10 de marzo de 2015 (DOG núm. 48, do 11 de marzo).

#### Artigo 3. *Recursos*

A presente orde, que pon fin á vía administrativa, poderá ser recurrida potestativamente en reposición no prazo dun mes desde a súa publicación, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ser impugnada directamente ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, segundo o disposto no artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2015

Ángeles Vázquez Mejuto  
Conselleira do Medio Rural

